

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

*Bases reguladoras do programa de subvencións á consolidación do tecido empresarial nos Concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL-EMPENDE INVEST 2025)*

#### ANUNCIO

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables, cuxo texto se transcribe:

#### **BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS Á CONSOLIDACIÓN E AO FORTALECIMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA A TRAVÉS DO APOIO AO INVESTIMENTO EN BENS INVENTARIABLES NO ANO 2025 (PEL-EMPENDE INVEST/2025)**

#### Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición ecolóxica
Sección	Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente
Anualidade	2025
Denominación	Liña 2.1. PEL Empeende Investimento: Programa de subvencións destinadas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables no ano 2025
Persoas beneficiarias	Pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas que desenvolvan unha actividade económica con ánimo de lucro, con domicilio fiscal e como mínimo un centro de traballo nun municipio da provincia da Coruña de menos de 10.000 habitantes
Programa	PEL-EMPENDE INVEST/2025
Aplicación orzamentaria	0520/24100/771
Importe da convocatoria	2.760.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 3.500,00 € sen IVE Máximo 25.000,00 € sen IVE
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 2.450,00 € Máximo 17.500,00 €
Importe solicitado	Ata o 70% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Como máximo 0,7
Gasto anticipado	Non

#### Exposición de motivos

O contido destas bases está enmarcado dentro do establecido no artigo 40 da Constitución Española, e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea conforme á Estratexia Europea de Emprego, ao Plan de Acción do Piar Europeo de Dereitos Sociais, que establece os novos obxectivos no ámbito do emprego e o social a nivel da UE no horizonte temporal de 2030, e que marcan como directrices impulsar a demanda de man de obra e apoiar o investimento que redunde na creación de empregos de calidade, aproveitando tamén o potencial relacionado coa transición ecolóxica e dixital, e na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible promovendo o crecemento económico sostido e facilitando a adopción de medidas urxentes contra o cambio climático a través dos obxectivos de desenvolvemento sostible incluídos na Axenda.

Na súa elaboración tivéronse en conta os datos do Observatorio de Seguimento de indicadores de emprego da Estratexia Europa 2020/2030 de marzo de 2024, publicados pola Secretaría de Estado de Trabajo

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa amosando o seu apoio ao tecido empresarial da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Estas axudas tratan de adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da provincia e sostemento dos negocios, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia máis rurais e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

Estas axudas enmárcanse na liña 2.1 PEL Emprande Investimento do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para o período 2025. Con elas a Deputación da Coruña quere facilitar tanto a posta en marcha de novos proxectos empresariais innovadores, así como apoiar aos xa existentes, co fin de estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña de menos de 10.000 habitantes, fomentando o desenvolvemento equilibrado do territorio provincial e favorecendo a creación de emprego a través da creación de empresas por parte de novas persoas emprendedoras dentro do marco da Estratexia anual de Crecemento sostible da Unión Europea.

Coa finalidade de reforzar o apoio ás empresas da provincia dos sectores estratéxicos emerxentes, priorízanse nestas axudas PEL, aquelas iniciativas empresariais con actividades económicas enmarcadas en determinados sectores correspondentes a estratexias estatais e europeas. Estes sectores están incluídos na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), que define as prioridades e obxectivos aos que se enfoca o investimento de I+D+i en Galicia no período 2021-2027. Tamén se tivo en conta á hora de determinar os sectores prioritarios aqueles encadrados nos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, en concreto os referidos ao reto demográfico e a economía dos coidados, ao fomento dunha economía fundada no uso de enerxías que procuren un menor impacto ambiental, ao fomento da economía circular e da eficiencia no ciclo da auga, a favorecer o turismo sustentable, aumentar a rendibilidade e competitividade da industria agroalimentaria e consolidar unha cultura de crecemento a partir da innovación e a I+D.

Como novidade priorízanse por primeira vez nestas axudas a aquelas empresas situadas en municipios da provincia que teñen asinados convenios para a Transición Xusta, que garantan a traballadores e territorios afectados pola transición cara a unha economía máis ecolóxica, baixa en carbono, un tratamento equitativo e solidario, minimizando os impactos negativos sobre o emprego e o despoboamento destes territorios.

A administración do Estado, a través do Instituto para a Transición Xusta (ITX) apoia proxectos e novas liñas de axudas para impulsar o desenvolvemento económico nas zonas de As Pontes e Meirama. Neste caso a Deputación trata de favorecer tamén o desenvolvemento económico destas zonas outorgando unha maior valoración a empresas de municipios de Transición Xusta.

Ademais dos sectores recollidos nesta Axenda, existen outros que son un eixo fundamental na economía galega, como son os sectores do Comercio e Turismo. Dado o seu elevado peso na estrutura produtiva e no emprego, a economía galega é moi sensible á evolución do turismo e do comercio polo que a Deputación da Coruña trata tamén de favorecer a estes sectores nas súas axudas.

## **1.- BASES XERAIS**

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 (BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024).

## **2.- BASES ESPECÍFICAS**

### **Base 1. Réxime xurídico**

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa contemplada na Base 1. Réxime Xurídico das Bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e a que aplique especificamente.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

### **Base 2. Obxecto e finalidade**

O seu **obxecto** é regular as axudas para o ano 2025 da Liña 2.1. PEL Emprande Investimento a través do apoio ao investimento en bens inventariables.

A **finalidade** destas axudas é contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña con poboación inferior a 10.000 habitantes a través do apoio ao investimento en bens inventariables de pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

### Base 3.- Solicitantes

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estean desenvolvendo unha actividade **con ánimo de lucro** e reúnan os seguintes **requisitos** con anterioridade á data de publicación da convocatoria:

- **Ter o domicilio fiscal e como mínimo un centro de traballo\* nun municipio da provincia da Coruña con poboación inferior a 10.000 habitantes** conforme aos datos máis recentes dispoñibles no Instituto Galego de Estatística e segundo o recollido no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).  
\* Poderán ser subvencionados aqueles solicitantes que non dispoñan de centro de traballo sempre que conste no Certificado de Situación Censual que a actividade se desenvolve fóra dun local determinado, non teñan a obriga legal de dispoñer de centro de traballo e non soliciten bens de instalación fixa.
- **No caso de persoas autónomas**, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional
- **No caso de persoas xurídicas**, estar inscritos no Rexistro mercantil ou no Rexistro público correspondente.
- Estar dado de **alta** nalgunha **actividade empresarial** e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

### Base 4.- Gastos subvencionables

#### 4.1 Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento da/s actividade/s dada/s de alta no Certificado de situación censual tido en conta no acto de concesión e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

Conta	Descrición da conta
206	<b>Aplicacións informáticas</b> Nesta conta considerárase exclusivamente o importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos adquiridos a terceiros.
213	<b>Maquinaria</b> Conxunto de máquinas ou bens de equipo mediante os cales se realiza a extracción, elaboración dos produtos ou prestación de servizos.
216	<b>Mobiliario</b> Mobiliario, material e equipos de oficina, coa excepción dos que deban figurar na conta 217.
217	<b>Equipos para procesos de información</b> Computadores e demais conxuntos electrónicos.

#### 4.2 Consideracións respecto aos investimentos a solicitar

- Ha de tratarse de investimentos en elementos novos\*, directamente relacionados coa actividade, non suntuarios e con prezos adaptados aos prezos do mercado, non cedidos a terceiros, con ou sen contraprestación e que non sexan fabricados pola empresa solicitante nin por unha terceira vinculada á mesma, nin por socios/as, administradores/as, nin membros da Xunta de Directiva, ou ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento. Tampouco poderán ser utilizados para a venda ou calquera outro negocio xurídico.  
\*A efectos desta convocatoria, considerárase como elementos novos aqueles que sexan utilizados ou postos en condicións de funcionamento por primeira vez e teñan unha data de fabricación inferior a cinco anos desde a súa adquisición.
- En caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de financiamento que condicionen a adquisición da propiedade do ben a un momento posterior (contratos de financiamento de bens con reserva de dominio, leasing etc.), poderán subvencionarse sempre que os bens pasen a ser da propiedade plena da entidade beneficiaria antes da finalización do período subvencionable, isto é o 31.12.2025. O importe subvencionable corresponderase cos custos correspondentes á amortización do valor do ben na anualidade 2025 e ao valor residual que figure na factura xerada ao facer efectiva a opción de compra.

- En ningún caso subvencionarase cotas de intereses, alugueres, arrendamentos operativos nin impostos.
- Só se admitirán cinco facturas máximo por concepto de gasto subvencionado e os conceptos contables contidos nelas deben axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

Non obstante, as facturas que conteñan pagos recibidos con anterioridade á entrega do ben facturado, entenderanse como unha soa aos efectos desta limitación. Igual consideración terán aquelas facturas que forman parte dun mesmo pedido.

Non se admitirán facturas cuxo importe total sexa inferior a 100 euros.

Con carácter xeral, quedan **expresamente excluídas** en todos os conceptos contables as instalacións, os mantementos, portes, obras, reformas, reparacións, cubertas, carpas, alugueres, rotulacións, instalacións técnicas de climatización, iluminación ou telecomunicacións, páxinas web, hosting, dominios, mantementos das aplicacións informáticas, fundas de elementos subvencionables, protectores de pantalla, subscricións anuais, canóns, elementos de transporte, material funxible, prendas textís, artigos de decoración, espellos, televisores, reloxos intelixentes, elementos de iluminación, aparellos de climatización, sistemas de seguridade, telefonía, teléfonos móbiles, routers e aspiradores de limpeza.

- Están excluídos aqueles investimentos correspondentes ao concepto contable 216.- Mobiliario nos casos nos que o centro de traballo coincida cun inmovible cuxo uso principal sexa residencial segundo o Catastro inmobiliario.
- **No caso de ordenadores, Microsoft Surface, ou similares** o importe máximo imputable por cada un deles será 2.000 euros sen IVE incluídos os periféricos.

**No caso de tablets**, o importe máximo imputable por tablet será 500 euros máximo sen IVE incluídos os periféricos.

O resto de equipos para procesos de información que se imputen con cargo á conta 217.-Equipos para procesos de información, distintos de ordenadores e tablets, imputaranse polo seu prezo de adquisición.

- **No caso de aplicacións informáticas**, so serán subvencionables aquelas que acrediten o seu carácter permanente ou unha duración mínima de dous anos, aínda que so serán subvencionables os gastos correspondentes a anualidade 2025, quedando excluídas as cotas mensuais.
- **A compra de bicicletas** só será subvencionable cando teña solicitada a conta 213\_ Maquinaria e a actividade económica da persoa solicitante que figura no Certificado de Situación Censual estea vencellada co ocio, o turismo ou o deporte.
- **A compra de remolques**, só será subvencionable cando teña solicitada a conta 213\_ Maquinaria, e a actividade económica da persoa solicitante que figura no Certificado de Situación Censual sexa diferente á actividade de transporte.
- **A compra de cámaras de fotos, obxectivos, vídeos, drons e similares**, só serán subvencionables cando teña solicitada a conta 213\_ maquinaria e a actividade económica do solicitante estea vencellada co sector audiovisual, a fotografía a publicidade, actividades topográficas, actividades de edición de libros, e edición de periódicos e revistas.
- **Equipos de iluminación:** A exclusión destes elementos refírese á iluminación convencional ou doméstica nos centros de traballo, pero non a iluminación cinematográfica, nin a necesaria para determinados oficios que precisan de elementos de iluminación para realizar a prestación de servizos relacionada directamente coa súa actividade ou para os bens que interveñen no proceso de produción de bens ou servizos directamente relacionados coa actividade.
- **Equipos de climatización:** Como norma xeral, non se considerarán subvencionables os equipos de climatización destinados unicamente a mellorar o confort ou o benestar das persoas nos centros ou locais de traballo salvo no sector da hostalaría que si que se considerarán subvencionables as estufas portátiles. Tamén serán subvencionables os equipos de climatización que formen parte esencial de procesos produtivos, é dicir, aqueles que teñan unha intervención directa na produción de bens ou na prestación de servizos relacionados coa actividade económica da entidade.

#### 4.3 Período subvencionable

Os investimentos subvencionables serán aqueles realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos no período sinalado, aínda que os pagos poderán realizarse como data límite ata a presentación da xustificación da axuda.

#### 4.4 Contía

As entidades poderán presentar un **orçamento mínimo de gasto\*** de 3.500,00 € e un máximo de 25.000,00 €, do cal poderán solicitar, como máximo, o 70%.

\*No orzamento do gasto se considerará excluído o IVE no caso de que sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

#### Base 5. Compatibilidades e exclusións

##### 5.1. Compatibilidade con outras axudas.

**Compatibilidade con outras axudas do PEL:** As subvencións PEL son compatibles entre si.

**Compatibilidade con outras axudas da Deputación:** As axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación para o mesmo obxecto no mesmo ano.

**Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas:** Esta axuda será compatible con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos.

##### 5.2. Exclusións relativas ás persoas solicitantes.

Exclúense destas axudas:

- As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.
- As asociacións, persoas autónomas colaboradoras, as corporacións de dereito público (Confrarías...), as congregacións relixiosas e as persoas autónomas societarias, entendendo como autónoma societaria, aquelas que están obrigadas á alta no sistema especial de traballadores por conta propia, segundo o recollido no artigo 305 do TRLXSS, letras b) c), d) e e)
- As persoas socias ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade e viceversa.
- As entidades definidas como Gran Empresa pola AEAT segundo o Certificado de situación censual da entidade ou «única empresa».
- As persoas traballadoras autónomas economicamente dependentes (TRADES) reguladas na Lei 20/2007 do Estatuto do Traballador Autónomo.
- No caso de solicitantes cunha actividade económica da agrupación 86 (Aluguer de bens inmobles) recollida no Certificado de situación censual, só poderá considerarse válida cando para o desenvolvemento desta actividade se dispoña, alomenos, dunha persoa empregada con contrato laboral a xornada completa.

#### Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma da solicitude regúlase nas bases xerais.

A publicación da convocatoria determinará o prazo de presentación de solicitudes que será do 17/02/2025, ás 09:00 horas ata o 17/03/2025, ás 14:00 horas.

#### Base 7. Compromisos e obrigas

##### 7.1. Compromisos e obrigas específicos

As persoas ou entidades beneficiarias da liña PEL Empreende Investimento, ademais dos compromisos sinalados nas Bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas específicos:

- Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención **por un período mínimo de dous anos** desde a adquisición do ben.
- Os bens que son adquiridos a través desta liña de axudas, **deben ser destinados á actividade da entidade subvencionada e non utilizados por terceiras entidades non beneficiarias**, o contrario, sería constitutivo de **causa de perda do dereito da subvención** concedida, por infracción da finalidade da liña de subvencións.
- Dispoñer de todas as licencias, títulos habilitantes, comunicacións previas e/ou inscricións rexistradas que sexan preceptivas para o desenvolvemento das actividades que figuren dadas de alta no Certificado de Situación Censual.
- Comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, aumento do investimento, nin dos conceptos de gasto concedido xa que estes considéranse vinculantes e non se poden modificar pois suporían un cambio de obxecto.

A Deputación poderá comprobar o efectivo cumprimento destas cláusulas a través da correspondente actuación de control financeiro.

## 7.2. Difusión do apoio da Deputación

A difusión do carácter público do financiamento do investimento realizado levarase a cabo das seguintes formas:

### No centro de traballo

Colocación dun cartel a cor cun tamaño mínimo de 210 x 297mm en posición horizontal en lugar visible para o público no espazo de traballo ou, en caso de carecer deste, nun lugar relacionado coa actividade empresarial co logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local.

### Na páxina web

Debe figurar expresamente o logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

### Investimentos que actúen no exterior

No caso de dispoñer dun tamaño suficiente, a publicidade realizarase mediante a inclusión nos propios bens subvencionados do logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local.

O único logotipo válido é o que estará dispoñible na páxina web do Plan de Emprego Local (<https://emprego.dacoruna.gal/axudas>).

Esta publicidade permanecerá durante o período mínimo da obriga de destinar os bens aos fins concretos para os que foron concedidos (mínimo de dous anos).

## Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

### 8.1. Criterios de valoración

A Unidade xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras á data anterior á de publicación da convocatoria.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada persoa solicitante no momento de cubrir a solicitude.

A puntuación total das solicitudes obterase mediante a suma automática da puntuación dos criterios de valoración indicados a continuación.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (30 puntos)
1	Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa <i>Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE) (Máximo 10 puntos)</i>	Menor ou igual a 2.000 habitantes	10
		De 2.001 a 4.000 habitantes	9
		De 4.001 a 5.000 habitantes	8
		De 5.001 a 10.000 habitantes	7
2	Actividade económica do/a solicitante Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual da persoa solicitante Datos referidos á data anterior á de publicación da convocatoria. (Máximo 3 puntos)	Solicitantes de sectores estratéxicos (Só aqueles indicados no Anexo III _Actividades valorables destas bases), con exclusión dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro	3
		Solicitantes de sectores agrícolas, gandeiros, forestais e sector pesqueiro (Só aqueles indicados no anexo III _Actividades valorables destas bases)	1
3	Solicitantes de municipios de Transición Xusta Datos referidos á data anterior á de publicación da convocatoria. (2 puntos)	Solicitantes con centro de traballo ou domicilio fiscal (só no caso de non dispor de centro de traballo) nun municipio con convenio de Transición Xusta. (Anexo IV)	2
4	Tipo de solicitante Datos referidos á data anterior á de publicación da convocatoria. (5 puntos)	Persoas autónomas	5
		Cooperativas	
		Sociedades laborais	
5	Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL Emprnde Investimento 2024 (*) (4 puntos)	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL Emprnde Investimento 2024.	4
6	Non ter sido beneficiario/a en ningunha convocatoria de PEL Emprnde Investimento (**) (6 puntos)	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda en ningunha convocatoria de PEL Emprnde Investimento	6

(\*) **Non obterán puntuación neste apartado 5** aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de Concesión na convocatoria PEL-Emprende Investimento 2024

(\*\*) **Non obterán puntuación neste apartado 6** aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de concesión nalgunha convocatoria anterior de Pel-Emprende Investimento.

### **8.2. Procedemento de concesión**

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia competitiva, e o tipo de concesión destas axudas será o de **concesión definitiva**, segundo o regulado nas bases xerais destas axudas.

### **Base 9. Xustificación e pago.**

#### **9.1. Xustificación da subvención.**

A persoa beneficiaria da axuda deberá xustificar a través da plataforma telemática SUBTeL (no apartado Xustificación da súa solicitude) os gastos relativos aos investimentos subvencionables realizados na anualidade 2025 achegando a documentación relativa á xustificación recollida no Anexo II. Documentación da xustificación.

#### **9.2. Prazo de xustificación.**

A persoa beneficiaria da axuda non deberá achegar a documentación xustificativa ata que complete os investimentos para os que solicitou a axuda e dispoña da documentación acreditativa relativa aos mesmos.

**O prazo de xustificación da axuda PEL-Emprende Investimento rematará o día 31 de xaneiro de 2026.**

### **Base 10. Incumprimentos e sancións**

Aplicarase o previsto na base 10ª das Bases Xerais.

## ANEXOS DOCUMENTACIÓN

### ANEXO I- Documentación da solicitude

#### Declaracións:

- Declaro que a entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos ás persoas solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria, na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña publicadas no BOP nº 185 do 25 de setembro de 2024, nas Bases xerais dos programas de subvencións da Deputación publicadas no BOP nº 190 do 02 de outubro de 2024 e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todos os compromisos e obrigas recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.

#### Documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.
- No caso de **PERSOAS FÍSICAS**, Certificado de Vida laboral da persoa autónoma ou certificado da mutualidade correspondente onde conste a data de alta no RETA, ou alta na mutualidade actualizados.
- No caso de **PERSOAS XURÍDICAS**, escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores (se as houberse), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente (no caso de estar obrigados), a excepción das sociedades civís nas que se determinará atendendo á data que conste no documento de constitución das mesmas.
- **Memoria resumo dos investimentos a realizar** (Modelo dispoñible en SUBTEL)
- **Autorización de representación** para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante (para as persoas físicas) ou co representante legal da entidade (para as persoas xurídicas). (Modelo dispoñible en SUBTEL)
- **Para asinar a documentación e a presentación da solicitude no caso das persoas xurídicas** considerárase como representante legal autorizado o que figure no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- **Anexo Axudas públicas baixo o Réxime de mínimos solicitadas e/ou recibidas nos 3 últimos anos** (Modelo dispoñible en SUBTEL)

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.



## ANEXO II. Documentación da xustificación

### Declaracións:

- No caso en que os gastos xustificados adecuadamente non acaden o importe mínimo a xustificar, ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: RENUNCIO á parte da achega provincial non xustificada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: ACEPTO a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).
- Declaro que os bens subvencionados son destinados á actividade da entidade subvencionada e non son utilizadas por terceiras entidades.
- Declaro o compromiso da miña entidade para destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención por un período mínimo de dous anos desde a adquisición do ben.
- Declaro que dispoño de todas as licencias, títulos habilitantes, comunicacións previas e/ou inscricións rexistradas que sexan preceptivas para o desenvolvemento das actividades que figuren dadas de alta no Certificado de Situación Censual.
- Declaro o compromiso da miña entidade de comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTEL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, aumento do investimento, nin dos conceptos de gasto concedido xa que estes considéranse vinculantes e non se poden modificar pois suporían un cambio de obxecto.

### Documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- **Memoria xustificativa** (Modelo dispoñible en SUBTEL).
- A **relación clasificada dos gastos** realizados cubrirase na plataforma telemática Subtel e nela deberán achegar as **facturas** correspondentes aos gastos efectivamente realizados que conteñan os investimentos realizados de forma **detalhada, comprensible**, e con prezos unitarios.
- Certificación de gastos realizados que se xerará automaticamente unha vez cumprimentada a relación clasificada dos gastos realizados.
- **Xustificantes bancarios** acreditativos **do pago** de cada unha das facturas.
- Relación dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade (Modelo dispoñible en SUBTEL).
- Polo menos **tres ofertas de distintas empresas provedoras** no caso de que o gasto a un mesmo provedor sexa superior a 15.000 € (IVE excluído), nos termos do **artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións**.
- **Modelo de designación de conta bancaria** para incluír no Rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos pagos na Deputación da Coruña.
- **Certificado acreditativo da titularidade da conta** emitido pola entidade bancaria correspondente.
- **Declaración** da entidade na que indique si está exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible (Modelo dispoñible en SUBTEL).
- Documentación gráfica da **publicidade** realizada e ligazón á web da entidade, no seu caso.
- **Fotografías** dos bens adquiridos e, no caso de aplicacións informáticas, informe gráfico da súa implantación e funcionamento.

## ANEXO III. Actividades valorables

Actividades económicas a valorar segundo a base 8 dos criterios de valoración: Actividade económica do solicitante (aqueles solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)				
SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPÍGRAFE
SECTORES AGRÍCOLAS, GANDEIROS, FORESTAIS E SECTOR PESQUEIRO	EMPRESARIAL	1	0	011 a 071
	EMPRESARIAL	1	9	911 e 912
	PROFESIONAL	2	0	012, 013, 021, 022, 024 e 099
	*Estarán tamén incluídos aqueles solicitantes nos que conforme ao artigo 78.2 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, non teñen a consideración de actividades empresariais aos efectos do IAE e non quedan suxeitos o feito impoñible de este imposto, pertencentes aos seguintes Código/Actividade: B01 Agrícola; B02 Gandeira; B03 Forestal; B04 Producción de mexillón en batea; B05 Pesqueira			
CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS E TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE	EMPRESARIAL	1	3	361 a 363 383.1 a 383.5 389.1 a 389.9
INDUSTRIA DA MADEIRA	EMPRESARIAL	1	4	461 a 468 473
OUTRAS PRODUCIÓNS DE ENERXÍA	EMPRESARIAL	1	1	151.4
CONSTRUCCIÓN NAVAL, REPARACIÓN E MANTEMENTO DE BUQUES	EMPRESARIAL	1	3	371 e 372
	PROFESIONAL	2	2	212 e 228
INDUSTRIA AERONÁUTICA	EMPRESARIAL	1	3	382 391.2
	PROFESIONAL	2	2	211, 221 e 299
INDUSTRIAS DA PEDRA NATURAL	EMPRESARIAL	1	2	231.2 244.2 a 244.3 245
CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA	EMPRESARIAL	1	3	321 393 324.1 329.1
	PROFESIONAL	2	2	311 e 321
ARTES GRÁFICAS E EDICIÓN	EMPRESARIAL	1	4	431.1 a 455.9
				474.1 a 476.9
	PROFESIONAL	2	3	322
7			751	
INDUSTRIA AUDIOVISUAL	EMPRESARIAL	1	3, 4, 9	393 (unicamente referido a material fotográfico e cinematográfico); 493; 961 a 963 973.1 (servizos fotográficos),
TRANSPORTE	EMPRESARIAL	1	7	722
INDUSTRIA DE PRODUTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS	EMPRESARIAL	1	4	411 a 428
COMERCIO	EMPRESARIAL	1	6	611 a 645 (con exclusión do epígrafe 631) 647 a 665 (con exclusión do epígrafe 652.1)
TELECOMUNICACIÓNS E ACTIVIDADES INFORMÁTICAS	EMPRESARIAL	1	8	843.1 a 843.9 (só servizos informáticos)
			2	213, 222 e 225
	PROFESIONAL	2	7	762 a 765 765
INDUSTRIA DOS COIDADOS	EMPRESARIAL	1	9	951 e 952
TURISMO	EMPRESARIAL	1	6	681 a 687 855.2 e 855.3
	PROFESIONAL	2	5 e 8	521 ; 882 e 883
INVESTIGACIÓN	EMPRESARIAL	1	9	936.1 a 936.9 991
INDUSTRIAS CREATIVAS	PROFESIONAL	2	7.8	751 861 e 862

Actividades económicas a valorar segundo a base 8 dos criterios de valoración: Actividade económica do solicitante (aqueles solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)				
SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPÍGRAFE
INDUSTRIA TÉXTIL	EMPRESARIAL	1	4	431 a 455
ARTESANÍA E OUTRAS ACTIVIDADES VENCELLADAS (*)	EMPRESARIAL	1	2, 9	246.2, 246.5 e 246.6 247.2 e 247.4 253.6 255.1 a 255.3 316.2 e 316.4 399.1, 399.3, 399.8 e 399.9 491 e 492 494 e 495 971.2 e 971.3
	PROFESIONAL	2	8	861 e 862

(\*) Só se entenderan como artesanais aquelas actividades que reúnan os requisitos previstos na normativa reguladora e que contén coa certificación acreditativa.

Esta táboa de actividades foi elaborada tomando como referencia as actividades económicas recollidas como sectores prioritarios na **Estratexia de especialización intelixente (RIS3)**, pero adaptando as actividades a aquelas máis importantes na provincia da Coruña.

Para aqueles solicitantes que teñan de alta epígrafes do IAE non comprendidos na táboa anterior e realicen actividades económicas da mesma natureza que as sinaladas nestes epígrafes, poderán acreditarlo documentalmente mediante as escrituras de constitución, no caso de persoas xurídicas, ou o certificado de vida laboral, no caso de persoas físicas, cando haxa coincidencia entre o obxecto social ou código CNAE que consten en ditos documentos.

ANEXO IV. Municipios con convenios de Transición Xusta con poboación inferior a 10.000 habitantes (municipios a valorar segundo o criterio 3 da base 8)

MUNICIPIOS DE TRANSICIÓN XUSTA	
CONVENIO	MUNICIPIO
As Pontes	Cabanas
	A Capela
	Cerdido
	Mañón
	Moeche
	Monfero
	Ortigueira
	As Pontes
	San Sadurniño
	As Somozas
	Meirama
Cerceda	
Tordoia	

A Coruña, 10 de febreiro de 2025

O Presidente

Valentín González Formoso

A Secretaria

Amparo Taboada Gil

2025/898